



## LINGUA GALEGA 3º

### Tema 11 – Chirlo Merlo

#### 1. Le este texto e contesta as preguntas.

–Oe, Paulo, viches a Ana? Hai un anaco que Antía e mais eu a buscamos e pensei que ao mellor ti sabías por onde anda.

–Non, Mario, non a vin. Preguntásteslle ao seu curmán Xián?

–Si, e el díxonos que debía estar con Tareixa e con Susana. Pero elas dixeron que Ana quedara con Carlos e contigo para estudardes xuntos.

–É certo, pero non chegou aínda.

–Cando vós a vexades, podiades dicirlle que nós andamos na súa procura?

–Home claro!

–Grazas, Paulo.

- Por quen están preguntando?
- Quen lle pregunta a Paulo por ela?
- Quen a busca?
- Con quen din Tareixa e Susana que quedara?
- Quen é o curmán de Ana?

#### 2. Rodea no texto os pronomes persoais que atopas e cópialos ao lado dos nomes aos que se refiren.

Mario:

Paulo:

Xián:

Antía e Mario:

Carlos e Paulo:

Tareixa e Susana:



**3. Cantas sílabas ten o teu nome? e o nome dos membros da familia que vive contigo?**

**4. Fai un debuxo dunha palabra polisémica representando os seus diferentes significados.**